



## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 21 de setembro de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións (Decreto nº 2017002712), de data 18 de setembro, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Participación Cidadá, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 18-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:**

### Área de gasto 9

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N190.9240.62200	Acondicionamento edificios Participación Cidadá	26.364,88
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>26.364,88 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N190.9240.21200	Reparación, mant. e conserv. Locais AA.VV	19.364,88
N190.9240.22610	Gastos diversos oficina Participación Cidadá	7.000,00
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>26.364,88 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.